


# Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,  confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Boletín Mensual  
Nº 28 / Xuño 2015

## Seguros de Viaxes: “un pequeno paso para o home, pero un gran salto para a humanidade”



Se visitaches o Parque Nacional de Corcovado en Costa Rica lerías un cartel á entrada con “Recomendacións en caso de que encuentre un felino. Se aparece o felino siga estes pasos: garde unha distancia prudente e míreo aos ollos. Se se achega: fállelle con forza e levante os brazos, deféndase e pelexe se o animal o ataca, non corra nin lle dea nunca as costas...”

Viaxar sempre ten os seus riscos aínda que non penetres na selva. Os mozos fan o Camiño de Santiago e van de acampada, moitos executivos e traballadores desprázanse por negocios, mesmo, os nosos maiores gozan do descanso na praia coas receitas dos medicamentos que toman a diario debaixo do brazo.

### Para que un seguro de viaxe?

**Porque nas vacacións, no deporte, nos negocios ou nos estudos fóra do fogar sempre acontecen imprevistos que nos poden amolar a viaxe e custar moito diñeiro.** Imaxina que che rouban a maleta no tren cos teus obxectos persoais, ou que rompes unha perna practicando surf, ou que te pos enfermo en Roma cando celebras as vodas de prata coa familia.

Todas estas cousas suceden e pódelas previr. O mellor é que nos contes onde vas. Nós dicímosche como protexerte. **Un bo seguro de viaxes supón un aforro**

**importante cando acontece algo.** Podería indemnizarte polos gastos de: asistencia médica, repatriación sanitaria, traslados a centros médicos, localización de equipaxes, mesmo pola asistencia legal...

### 246 millóns en anulacións

Cando contrates o teu seguro de viaxe, confirma que inclúe a garantía de cancelación. Só no verán do ano pasado, os españois gastamos 246 millóns de euros en cancelacións. A media do gasto por persoa en anulacións foi de 300 euros. Os motivos: enfermidade ou accidente.

A maioría das veces gozamos máis imaxinando a viaxe e pensando o ben que imos estar. Pero... para aforrar tempo e diñeiro, debes planificalo ben.

Unha vez que decidiches o destino e aseguraches os riscos, compra os billetes de avión ou tren con tempo abondo porque son máis baratos. Busca opinións sobre os hotéis que máis che gustan para que acertes na elección. Localiza os lugares que desexas visitar e traza un itinerario. Documenta a cultura e tradicións da zona (xa sabes, “onde fores fai o que vires”). E calcula un presuposto ao que debes engadir un 10-15% extra. Con esa marxe poderás satisfacer calquera imprevisto sen que che doia.

Pásao ben! E... vémonos á volta.

**73 millóns para Campofrío como adiantos polo incendio de Burgos.**

**Os seguros estamos aquí para este tipo de situacións**

Os seguros funcionan cando os necesitas. Polo menos, así opina Campofrío tras o incendio da fábrica de Burgos. O domingo 16 de novembro queimáronse 70.000 metros cadrados da súa factoría. Segundo Remedios Orrantía, directora de RR HH, a empresa contaba con “un moi sólido programa de seguros, dotado dunha estrutura sólida de coberturas. Isto é moi importante porque sempre pensamos que é algo que nunca vas ter que utilizar e ata que acontece un gran sinistro non aprecias a verdade do valor deste programa”.

**Nós estamos aquí para este tipo de situacións**

Así é como responderon as compañías tras o sinistro. É a razón do noso traballo como corredores de seguros: xestionar os teus riscos buscando a mellor póliza.

**Campofrío recibiu xa 73 millóns de euros de adiantos pola indemnización do incendio.** A memoria das súas contas anuais de 2014 indica que o efecto de perdas e ingresos extraordinarios dá un saldo positivo de 25 millóns. Grazas ao seguro, a empresa non sufrirá un impacto negativo no seu patrimonio.

**Que cobre o seu seguro?**

Practicamente todo: os danos materiais que sufríu a planta de produción de Bureba e a perda de beneficios que se produciu pola redución de vendas a consecuencia do sinistro. Tamén compensa os custos adicionais da compañía para volver recuperar as súas vendas.

A empresa explica na súa memoria como “a sociedade espera recibir unha compensación adicional en concepto de indemnización por danos materiais, perda de beneficio e os custos adicionais en que poida incurrir... durante os 12 meses seguintes á data do sinistro”. Desta forma, os seguros vanlle permitir “cobrir a totalidade do valor de reposición dunha nova fábrica con capacidade equivalente á anterior”.

Calquera empresa, non importa o tamaño, pode asegurar estas eventualidades. Coa túa confianza poderíamos evitar que 7 de cada 10 empresas españolas pechen por estar mal aseguradas.

## Plan Aforro 5 con exencións fiscais : “Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe”



“Antes hoxe que mañá” (“O Quixote”) ou “a peor dilixencia é a que non se fai”...

O refraneiro español é prolixo en consellos que nos invitan á acción. O significado real destes pensamentos propón deixar a preguiza a un lado e ser dilixentes nos asuntos pendentes.

Hoxe invitámosche a aforrar a longo prazo aproveitando exencións fiscais e utilizando os beneficios do **xuro composto**. É o diñeiro xerado pola acumulación dos xuros que se obteñen ao final de cada período de investimento e que se capitalizan ao reinvestirse coa achega que realizaches inicialmente.

### Vantaxes de aforrar a longo prazo

O curto prazo é 1 ano, o medio prazo de 2 a 5 anos e o longo prazo, máis de 5.

O nome desta opción chámase **SIALP** (Seguro Individual de Ahorro a Longo Prazo). E con este novo produto de aforro, definido pola última Reforma Fiscal, **ti deseñas cal é o teu nivel de aforro “á medida”** y estableces libremente un calendario de achegas que podes modificar en calquera momento.

Os requisitos establecidos por Lei para beneficiarte das vantaxes que che poden proporcionar son:

- **Achegas máximas de 5.000 € anuais.** Ti elixes se o fas con primas periódicas ou como prima única e esta achega pódela cambiar segundo che conveña, sempre que non superes o límite máximo.
- **A duración mínima é de 5 anos** para que non tributen os xuros; aínda que **a partir do primeiro ano cumprido ten liquidez**, pero a custa da exención fiscal.
- **Só podes ser titular dun destes novos plans individuais de aforro.**
- Ofrecen coberturas para **falecemento e supervivencia.**
- **O capital garantido é dun 85%**, como mínimo, das primas pagadas.

Por todas estas razóns **resulta ser unha excelente fórmula onde os teus aforros medran** para a xubilación. **Consúltanos. Nós somos profesionais** e podémosche explicar exactamente en que consiste.

### Investigación

## As aseguradoras non poderán subir o prezo das pólizas por problemas de saúde

A nova Lei do seguro, que tramita o Congreso, impedirlle ás compañías incrementar as pólizas cando o asegurado teña problemas de saúde. Segundo a Dirección Xeral de Seguros **“o empeoramento da saúde do asegurado é o risco que debe cubrir a entidade. No caso contrario desvirtuaríase a natureza deste tipo de seguros”.**

Actualmente, o prezo está aumentando ata un 30% entre os particulares con necesidades sanitarias. Algunhas aseguradoras lanzan campañas agresivas con prezos reducidos para atraer clientes. Posteriormente, incrementan a factura segundo medra a sinistralidade.

Os corredores de seguros aplaudimos esta iniciativa porque defende os teus dereitos como consumidor respectando a esencia dos seguros de Saúde, que é cubrir aqueles que o necesitan. **Consideramos que calquera persoa ten dereito a gozar da Sanidade privada a un prezo razoable.**

### Anécdota

## O seguro de Decesos inventárono os exipcios

A historia do seguro de decesos comeza a escribirse no ano 2.225 a.C con caracteres cuneiformes no antigo Exipto. Os custosos ritos funerarios déronlles que pensar aos súbditos dos faraóns que querían entrar na seguinte vida “con bo pé”.

**Os exipcios con máis posibles agrupábanse en asociacións e pagaban unha cota que garantise o aboamento dos ritos funerarios.** Cando un dos asociados morría, o resto sufragaba os gastos co diñeiro aforrado.

É o embrión do actual seguro de Decesos que cobre as facturas do funeral e do enterro. Algúns aínda recordamos o axente que visitaba as casas dos pobos de España para cobrar esta póliza. Eran ben recibidos porque, con cada recibo, os asegurados recordaban que aínda permanecían neste mundo, que podían gozar da vida e prepararse adecuadamente para “a viaxe ao alén”.

